


ARQUITECTURA GÓTICA



Catedral de Reims



Mosteiro de Oseira

MOSTEIRO DE OSEIRA

**Igrexa abacial do Mosteiro de
Sta. M^a de Oseira**

Clasificación:


Nome: mosteiro cisterciense de Santa M^a de Oseira

Estilo: igrexa románica de transición ao gótico

Cronoloxía: finais do século XII, foi consagrada no ano 1239

Comitentes: os diferentes abades

Todo o conxunto monástico sufríu numerosas ampliacións, ruínas e reconstrucións




“Do Císter ao Gótico”

Dous sistemas constructivos diferentes assimilaram os avances técnicos da época: a arte dos **Mosteiros Cistercienses** e o **Gótico das catedrais**, uns e outro se expandiron por Europa, se ben o primeiro fixoo por **zonas rurais** e o segundo polas **novas cidades**



“austeridade”



Abadía de
Saint Denis

“Deus é luz”


FINAIS S. XI “RUPTURA NA ORDE BENEDICTINA” Cister

- 1089, Citeaux, Borgoña.
- Desexo de restaurar os ideais orixinais da regra beneditina (o poder e opulencia dos monxes cluniacenses rompían a vella máxima de “ora et labora”)
- Prohibición rigorosa do luxo no vestido, a vivenda ou a comida, e recomendación taxativa das únicas tarefas propias do monxe: o encomio a Deus, a lectura da Sagrada Escritura e o traballo físico.
- Gran unidade na configuración dos planos dos seus mosteiros.
- Lugar apartado da civilización e prioridade do abastecemento de auga corrente.



O MOSTEIRO Modelo ideal cisterciense

Xurdíu deste xeito un estilo constructivo caracterizado pola austeridade decorativa e ornamental, que se impuxo nos mosteiros que seguían as normas de San Bernardo: os mosteiros cistercienses.



No s. XII o modelo espállase por Europa.

O MOSTEIRO CISTERCIENSE

Os grandes mosteiros cistercienses **comezaron a construírse en plena transición do románico ó gótico** e xustapoñían fórmulas de tradición románica con solucións góticas.


O auxe que a nova maneira de entender a regra de San Bieito chegou a adquirir ao longo do século XII apréciase na grande expansión das reformadas abadías cistercienses, que difundiron por toda Europa a súa oposición á vida cómoda que levaban os monxes de Cluny. O abade Bernardo de Claraval concibía as igrexas afastadas de calquera exceso ornamental. Propuxo por iso un **tipo de edificio caracterizado por unha austeridade constructiva absoluta**: chegou incluso a prescindir dos capiteis esculpidos que abundaban nos edificios románicos.

O mosteiro cisterciense caracterizábase pola **funcionalidade** e a súa austeridade, polos seus espazos amplos para rezos en común e polo gran número de dependencias, que o convertían nun centro autosuficiente. Reunía nas súas **formas constructivas os elementos máis avanzados do románico e empregaba tamén recursos propios das grandes catedrais góticas**. Pero deste estilo rexeitábanse as grandes vidrieiras e calquera elemento ornamental.

En Galicia construíuse un considerable número de mosteiros do Císter nun espacio moi breve de tempo. A rapidez das fundacións é sorprendente si se ten en conta a considerable distancia que separa Galicia da orixe da reforma. Ao pouco de iniciarse esta chegaron grupos de monxes procedentes de Clairvaux para fundar mosteiros da orde: Oseira incorporouse ao Císter en 1142, Sobrado en 1143; e poucos anos despois foron fundados Melón, Montederramo, Armenteira e Oia. Esta difusión explica que, nas zonas onde o estilo das grandes catedrais entrou moi tardíamente, o sistema constructivo da oxiva máis empregado foi o cisterciense.

Breve historia do mosteiro

Foi a primeira fundación do Císter en Galicia. Con anterioridade existía un mosteiro fundado por uns poucos eremitas que en 1141 decidiron seguir a Regra Cisterciense motivo polo que chegaron novos monxes desde o propio Claraval. Nun principio comezaron con edificios moi modestos que foron ampliándose a medida que aumentou o poder económico da casa grazas ás continuas donacións que recibiron. O nome de Oseira, derivación de *ursus* latino equivalente a oso, fai alusión ao lugar abrupto onde estaba situado o mosteiro nun val da serra Martiñá na marxe dereita do río Oseira na provincia de Ourense. Foron os séculos XII e XIII, os do seu maior esplendor, que empezou a decaer no XIV. Un incendio no século XVI reduxo a cinzas todos os edificios menos a igrexa, iniciándose despois unha **longa restauración** na que se levantou o **coro aos pés** do templo, os **claustros** e a **nova fachada barroca** da igrexa coas dúas torres campanario xa en 1647. Coa exclaustración provocada pola **Desamortización** de Mendizábal en 1835, o conxunto monástico é abandonado e comeza unha progresiva ruína da súa arquitectura. O monumental conxunto empezouse a restaurar en 1930, ata os nosos días.



Os recintos medievais conservados - sobre todo a monumental igrexa abacial- fan deste conxunto un dos máis senlleiros da súa orde en toda a Península Ibérica.

Análise e comentario


A igrexa románica de transición ao gótico foi iniciada a finais do séc. XII e concluíuse en 1239, cando foi consagrada. É de amplas proporcions, para acoller unha comunidade formada por un número considerable de monxes.



Os frades cistercienses, axudados polos canteiros, foron os encargados de levantar os seus propios mosteiros. Tódolos edificios se edificaron do mesmo xeito, seguindo as directrices do Císter, de forma que as diferencias son mínimas entre uns e outros.

A disposición da planta dos mosteiros corresponde en xeral ao esquema establecido por San Bernardo: unha grande igrexa cun claustro arrimado; arredor do claustro, distribuíanse as dependencias comunitarias fundamentais, destinando os pisos altos para dormitorios; as adegas, almacéns e cociñas aparecían como dependencias anexas, con frecuencia agrupadas en patios e claustros secundarios.

Planta: de cruz latina con tres naves de sete tramos no eixo maior e unha soa con dous tramos no cruceiro. As naves laterais son moi estreitas e baixas, pola contra a central é de grandes dimensións




A **cabeceira** imitaba á de Santiago con xirola e capelas

A **ábsida** describe un semicírculo precedido de 2 tramos rectos.

O presbiterio está coberto por bóvedas de cruzaría de oxivas, sobre grandes piares cruciformes, nos tramos rectos..

A xirola ou deambulatorio: de planta semicircular con 5 capelas radiais hoxe en día bastante modificadas, só unha conserva a súa estrutura románica primitiva..


Planta da cabeceira



Escala 1:1000

Planta de la cabeza y crucero de la Iglesia de Osera.


Planta de la cabeza y crucero de la Iglesia de Osera.



A reforma cisterciense conduce a unha depuración formal do románico dacordo á austeridade de San Bernardo introducindo de forma xeneralizada o **arco apuntado**

Naves separadas por **piares** de núcleo cadrado con columnas nos catro frontes. Capiteis moi sinxelos de follas e ábaco cadrado

Arcos formeiros: apuntados e dobrados



Bóvedas de canón en todas as naves
con **arcos de faixa** lixeiramente
apuntados.

Non ten tribuna.

coro

Iluminación: os ventanais de medio punto son totalmente románicos. A nave norte recibe a luz a través de ventanais románicos abertos no muro, mentres que a sur ten cegadas as luces debido á construción adosada do claustro. A nave maior ten os ventanais abertos no mesmo arranque da bóveda




austeridade : se prescinde de vidreiras de cores ou capiteis esculpidos




Deambulatorio e presbiterio

Sobresae a beleza do presbiterio rodeado dun conxunto de columnas sostendo estreitos **arcos oxivais dobrados**

Rodeando o altar maior, na zona semicircular, unha **semicúpula de nervios** sobre grosas columnas monolíticas con enormes capiteis lisos. A xirola ou deambulatorio: de planta semicircular con 5 capelas radiais hoxe en día bastante modificadas, só unha conserva a súa estrutura románica primitiva. As capelas están separadas por espazos baleirados en ventás de medio punto sobre columnas.




Cabeceira:
Deambulatorio
Ábsida
Capelas radiais



Deambulatorio

A xirola ou deambulatorio: de planta semicircular con 5 capelas radiais hoxe en día bastante modificadas, só unha conserva a súa estrutura románica primitiva. As capelas están separadas por espazos baleirados en ventás de medio punto sobre columnas. O deambulatorio coberto por **bóvedas de nervios curvilíneas**




Cúpula sobre o cruceiro: a súa construción é un pouco posterior á igrexa, de finais do séc. XIII.

No exterior é un simple corpo octogonal liso, cunha decoración de canzorros baixo a cornixa.



No interior é unha **gran cúpula nervada**, con grosos nervios baquetonados e plementría en aneis. O cambio de planta faise por 4 trompas cónicas e pequenas pendentis ocultas por cartelas de madeira tallada do séc. XVII. Entre os nervios da cúpula hai frescos de personaxes do Císter..



Sala capitular de finais do século XV



A finais do século XV iniciouse a súa construción. A planta e disposición son as mesmas que tiñan as salas capitulares dos mosteiros cistercienses medievais, é dicir unha planta cadrada dividida en nove compartimentos por medio de catro columnas centrais. **A orixinalidade se dá, sobre todo nas columnas e bóvedas.** As columnas torsionadas e estriadas de molduras retorcidas, decoradas con flores cuadrifolias, se asentán sobre bases cilíndricas lisas e apoian as bóvedas directamente sobre o fuste, sen capitel. Dos muros parten os nervios de ménsulas situadas a media altura.



As bóvedas son de cruzaría de nervios curvos e con abundantes nervaturas que conflúen en claves con decoración en relevo, policromadas con ramaxes e caricaturescos rostros con intención decorativa.

Coro: ante a inexistencia de tribunas decidiuse construír un lugar que permitira o acceso directo desde o piso superior. Realizouse polo tanto unha especie de tribuna-coro aos pés da igrexa, construída sobre unha **orixinal bóveda plana** de perfecta nervadura gótica, datada no século XVI.



Coro, datado no século XVI



Bóveda plana do coro

Bóveda plana do coro



O EXTERIOR: tanto a cabeceira como a fachada foron desfiguradas polo adosamento de diversas construcións ou por renovación das súas fábricas, moi particularmente no século XVIII. Na cabeceira só conserva a súa forma inicial un dos extremos. **Consérvanse os contrafortes exteriores**, rectos e simples, así como as **cornixas saintes sobre canzorros**.



Os monxes
brancos
tampouco
elevaron
torres, que
consideraban
alardes de
vaidade.

En conclusión, conxunto monacal medieval que actualmente é froito na súa maior parte da reconstrución realizada no século XX. Destaca a súa igrexa abacial como modelo fiel das igrexas do Císter, feita para acoller a unha numerosa e próspera comunidade, segue as estritas normas construtivas e decorativas da Orde relixiosa: cruz latina, bóvedas de canón, arcos de medio punto, pero xa adapta e aplica os novos elementos góticos: bóvedas de cruzaría e arcos apuntados. **A austeridade cisterciense** maniféstase na case total ausencia de decoración figurativa.

CATEDRAL DE REIMS

Clasificación:

Cronología: 1211-1300


Comitente: arzobispo de Reims

Estilo: gótico

Arquitectos: Jean d'Orbais, Jean le Loup,
Gaucher de Reims e Bernard de Soissons



A catedral de Reims tiña, como Saint-Denis *un profundo significado* para a monarquía francesa. Si esta segunda era a sede do panteón dinástico e o lugar onde se custodiaban os símbolos do poder, na primeira se coroaban os reis (desde que o rei franco Clodoveo fora bautizado no ano 498 por San Remixio, dando orixe á tradición). Tamén un incendio, coma noutras moitas igrexas francesas, no ano 1210, motivou a reconstrución da catedral. Durante 1917, a catedral foi duramente afectada pola Primeira Guerra Mundial. Cerca de 300 bombas incendiarias foron lanzadas sobre Reims, danando gravemente as súas bóvedas. Tras a guerra iniciouse unha extensa recuperación da catedral, que só estaría totalmente concluída en 1937.



A diferenza doutros edificios da súa época, neste **se coñecen os nomes dos construtores** que dirixiron a obra, gracias ao labirinto da nave central onde están escritos os seus nomes especificando o labor executada por cada un de deles.



Ábsida poligonal con deambulatorio e 5 capelas radiais precedida de 2 tramos rectos . O presbiterio acadou un gran desenvolvemento que se xustifica, en parte, pola necesidade de situar nel o coro


Hipertrofia da cabeceira


A falta de harmonía entre os dous brazos da cruz evidénciase tamén na súa lonxitude:

transepto con 3 tramos


brazo vertical 9 tramos

A **planta** ten tres naves, un transepto (tamén con tres naves) e unha ábsida con deambulatorio e capelas radiais. Esta catedral é de cruz latina, pero **reduce a lonxitude do transepto** case ata coincidir coas naves laterais.





Piars compostos sobre podio, cun robusto nucleo poligonal central e columnas cilíndricas adosadas que se prolongan en estreitos baquetóns ata os nervios da bóveda.



ALZADO INTERIOR:

Arquería de separación das naves laterais, de esbeltos arcos formeiros oxivais, dobrados e con grosas molduras de realce.

Triforio, estreita galería de muro cego que se abre á nave central por vans, cun ritmo de 4 arcos apuntados sobre pequenas columnas.


Claristorio: ventanais con vidreiras en van xeminado e rosetón

O interior destaca pola esvelteza da súa estrutura e presenta tres niveis: arcos, triforio e claristorio.

Bóvedas de cruz simples ou cuatrimpartitas sobre robustos arcos de faixa apuntados. No deambulatorio as bóvedas deben adaptar os seus nervios ao espazo curvo.




Iluminación: como en todo templo gótico o espazo reservado ás vidreiras é considerable e entre as de Reims destacan as do enorme rosetón central da fachada no que se representa a María rodeada de apóstolos e anxos.



As vidreiras restauradas posúen tons vermellos e azulados (como resultado, a luz interior da catedral non é a clásica dos grandes templos góticos).

No deambulatorio hai unha vidreira con fermosos tons azuis, de Chagall, que é unha valiosa aportación moderna á arte dos vitrais.





Destacamos a monumental fachada occidental que constitue o arquetipo da fachada do gótico francés.

Organización en H dividida en 3 partes tanto en sentido vertical como horizontal con 2 elevadas torres xemelgas sen agullas que flanquean un corpo de anchura igual ao da nave central.

Torres

Galería de reis

Organización en 3 pisos:

O inferior, con as **3 portadas** da mesma altura cas naves laterais.


O intermedio, ata a altura da nave central con **rosetón** e galería de reis

O superior co remate das torres

Rosetón

Toda a fachada está cuberta de esculturas e outros elementos decorativos entre os que sobresaie o gran rosetón do corpo central e os rosetóns que substitúen aos timpanos en cada portada. **Gabletes** e **pináculos** de remate dan unidade ao conxunto


portadas






Pináculos

Gabletes



Triple portada
Arcos oxivais



Sucesión de contrafortes e arcobotantes. Todo o conxunto rematado con robustos pináculos. Destacar o remate vertical sobre o presbiterio: frecha calada e chapitel.



Nesta catedral existe un dos conxuntos máis amplos da escultura e o relevo góticos, que se estende principalmente polas tres fachadas externas. Á **espléndida decoración escultórica** exterior, **engádesse a innovadora tracería calada** (este enreixado de pedra sobre os ventanais permitía acrescentar a superficie vidrada de cores e a ornamentación)

Conclusión

Está considerada como a culminación do período gótico clásico francés. Se empregan con equilibrio e harmonía os elementos construtivos e estéticos góticos. Destaca a súa verticalidade, impulso ascensional e iluminación interior de luz tamizada polas cores das vidreiras. É a máxima expresión da relixiosidade e do poder económico da comunidade que financia esta gran obra.

